







Definir a morte

‘O LIBRO DOS APARECIDOS’, DE XERARDO QUINTIÁ. UNHA BONITA METÁFORA DA VIDA E DA MORTE, MESTURADAS, FORMANDO UN LÍRICO CONXUNTOS DE RELATOS QUE SE LEN BEN, QUE GUSTAN, QUE SE AGRADECEN. É UN LIBRO POBOADO POR PERSONAXES TRISTES, PERSOAS ATAFEGADAS, CON PROBLEMAS, COMO NA VIDA MESMA. PERO O AUTOR VAI MÁIS ALÓ, PORQUE VAI AO MUNDO DA MORTE, E É CAPAZ DE REFLECTIR MUNDOS DE ULTRATUMBA. É CAPAZ DE DEFINIR A MORTE, COUSA DIFÍCIL. UNHA RECREACIÓN MOI GALEGA, POR OUTRA PARTE.

A prosa que emprega é fresca, limpa, suave. Nada interfere. Nada molesta. Eu lin este libro nunha cafetería de Santiago, un lugar tranquilo. Un pouco cada tarde. Roubándolle á vida momentos de lectura e tenrura. Sentínme ben lendo. Sentín que o libro que estaba lendo era unha novela actual, moderna, sinxela, ricaz, intensa. Un libro galego, diferente, renovador. Como se se borrara o aburrimiento de moitos libros e este libro abrise unha ventá nova cara algo novo. Son relatos nos que te sentes moi cómoda lendo. Non existen un alto exercicio intelectual pero enriquecente. Enchen a túa alma baleira. Como quen poboou unha casa que estaba deshabitada.

Fálase moito do xogo entre a vida e a morte. Os vivos morren. E os mortos volven a vivir, aparecer, como nunha narración oral galega. Pero cruzada esta tradición por un gran xogo contemporáneo actual, revisionista. O autor lévanos e tréenos dunha atmosfera vital a outra mortal. Os vivos moitas veces parecen –parecemos– mortos. Estamos tan atados, tan atafegados, tan preocupados... Parece que o futuro das nosas mortes inflúen en nós e non nos deixan vivir tranquilos. Vivimos golpeados, condenados. A veces, esto vese claramente no libro, a morte significa alivio, liberación.

E as aparicións semellan bonitas ensoñacións. Semellan algo máxico, intenso, marabilloso. Imonos para volver. Para arranxar o que non demos arregrado na vida.

Eu lin este libro na tranquilidade de Santiago. Como quen rompe un círculo e abre unha espiral. Como quen escapa da vida e do tempo. Esa morte desexada por min. Esa vida que tanto e con tanta forza amo.

O libro está cheo de palabras cargadas de vida e silencio. Como un poema místico de amor.

Aparece o mundo dos soños, abrindo unha fírgoa de luz na fiestra. Soños que serven para dar un sentido a morrer e a estar vivos. Soños de moneca preciosa e de homes namorados. Accidentes de coche e suicidios. Anátemas de dor estudiada. Un libro para escaparse, para voar. Un libro valioso, grande. Formalmente resulta tamén moi atractivo. As fotos que aparecen enriquecen moito o texto. Non é un libro común, é un libro renovador, renovado, especial. Publicado –e moi coitado– por Franka Editora, esa editorial libertaria que quere abrir –e abre– camiños novos para a fantasía. O libro dos aparecidos resulta entretido e marabilloso. Como unha casa nova que se abre con forza ante os nosos ollos. Estes ollos actuais tan tristes, como se reflicte na dor dos personaxes do libro. Son seres humanos, vivos ou mortos, pero case sempre sometidos á tristeza, á desilusión, á falta de valentía suficiente para remontarse sobre a dor.

Camiñan como fantasmas polo libro. Fantasmas que se arrepiñen ou que soñan. Fantasmas de mirada cativadora, enigmática, transcendente. Aparecen baixo unha linguaxe moi poética, moi profunda. Todo o libro é un canto lírico, unha canción inmensa, unha oración de amor. A min gústame a linguaxe que o autor emprega, porque sendo prosa é tamén poesía, e así os xéneros morren. Gustame matar os xéneros, facer desaparecer as fronteiras, ser libres. A escrita debe ser e é sempre un sitio de liberdade e provocación.

No libro hai moitas cousas. Ata hai a transición dun chat inventado. As novas tecnoloxías, entrando no mundo da arte. A modernidade, entrando no abismo. A vida de hoxe, cruzada polas máquinas, tamén na literatura. Un chat dun vivo e unha morta, abrindo as posibilidades da imaxinación. Hai tamén unha entrada e unha saída, nas que fala o autor persoalmente, saíndo da narración, e integran-

doo todo moi ben. É un libro soñador. Que serve para escapar da rutina. Nin moi longo nin moi curto. A medida perfecta. Demostra que se pode atravesar a vida para vela dunha forma diferente. Que podemos imaxinar mundos. E xogar, xogar moito coa realidade, co que temos. Abrir o irreal, o increíble. Acceder a mundos novos, os mundos imaxinados, nos que a mentira é o ceme da narración. Non mentira no sentido de falsear nada, senón no sentido de inventar, de escapar, de soñar. Non sabemos qué hai trala morte pero Xerardo Quintiá ven decírnolo. E estimula fortemente a nosa imaxinación. Deixamos de estar durmidos e mortos. Abandonamos a vida morta das princesas. Nada máis bonito que soñar. Soñamos con Xerardo Quintiá mundos fronteirizos, irmáns, unidos. Sentimos en nós a vida. Sentimos en nós a morte, aínda que é un exercicio máis difícil. O natural é o vitalismo, a vitalidade, a forza profunda do caos. Pero a morte chega para ordenar todo, para poñer todo no xusto sitio.

Morrer é xustiza para os nosos corpos.

As nosas almas reviven lonxe, moi lonxe de nós.

O libro por fóra é vermello, como o sangue. Como o corazón abultado e enfermo e violento de moita xente, de toda a xente. Como a vida. Unha vida infeliz que non leva a ningunha parte.

Libros como este axudan a animar o mundo editorial galego. Enchen de seiva nova a árbore. Alimentan o espírito. Axúdannos a mirar contentos e atentos cara adiante. Como se non tiveramos presa por chegar a ningunha parte, porque de nada vale ter présa.

Como se a morte fose outra páxina máis das nosas vidas. A morte, neste libro, non é un transe dramático, senón un elemento máis da fábula. Fabulación de personaxes case reais, case físicos, mesmo cando soñan almas, sombras. O autor ofrécenos esperanza. Ilusión. Fuxe da visión catastrofista que temos da morte. Enfrontámonos, lendo, dun xeito lúdico, á realidade mortal da palabra. Morre o corpo e morre a alma pero queda a palabra, para seguir interrogando, para seguir abrindo un oco para a esperanza. Volven os fantasmas, invisibles, vivos, respirando. Renace a ultratumba e a Santa Compañía. Contra unha vivencia fría da morte, estes relatos cálidos, doces, tranquilos, líricos, suaves. Contra unha visión trágica da existencia este catálogo de situacións amables, mesmo cómicas.

Poesía baixo a prosa, poesía fundamentando, poesía fundamental, importante. Axuda a que a narración sexa fluída, interesante, atrevida, diferente. É un libro experimental, amiscado, diferente. Unha mostra de sangue, de vida, de ilusión.

A pulsión forte de dicir palabras, de escribir designios, de facernos voar aos lectores e lectoras. Un xeito magnífico de achegar a literatura á xente. Xerardo Quintiá creou con este libro unha metáfora poderosa, un diccionario de visións e aparicións, que se nos amosan de forma máxica, intensa. Como un río grande que se desborda, que se abre, que nos enche.

Libro galego e universal, do pasado e do presente e do futuro, para todos os públicos, e escrito baixo unha óptica orixinal, nova. Con afán de comprender a morte, unha cousa imposible, pero ben resolta baixo o signo da invención e da ironía e do entretemento. Un libro íntegro, ben resolto, forte, atractivo, interesante, bonito.

LUPEGÓMEZ

Insuas extrañas

Vaille moi ben o título, *Las Insulas extrañas* (Galaxia Gutenberg, Círculo de lectores, Barcelona, 2002), a esta exótica antoloxía asinada por Eduardo Millán, Andrés Sánchez Robayna, José Ángel Valente e Blanca Varela. E vaille moi ben porque —esqueza-mos agora o ton sanxoanista ou a pretensión mística que semellante título implica— peculiares, raros, extraños nunha palabra, resultan moitos dos poetas que na escolma aparecen. Ao menos para o público, tampouco excesivo, que nestes eidos adoita mercar libros de poemas. Porque á parte dos valores consagrados ou evidentes, a antoloxía arranca con Juan Ramón Jiménez, e segue con Pablo Neruda, Juan Cunha e Miguel Hernández, aquí hai moitos autores descoñecidos do lector común que seguramente estimará a súa presenza, nalgúns casos, e noutros pode preguntarse qué pito tocan en escolma tan importante. Tan importante e en vías de grande espallamento, tanto aquí como en Latinoamérica, pois a presenza de poetas americanos (da América hispana, xa se entende) resulta do máis considerable. Hai quen opina, a recepción da escolma está sendo do máis polémica, que o *factórum* desta foi José Ángel Valente e igualmente non faltou xa quen acuñara a arriscada aposta como 'O clube do Poeta Morto', en evidente alusión ao poeta ourensán. Quen sendo como era un poeta sobranceiro tiña xestos atrabiliarios e opinións caprichosas cando non aldraxantes dirixidas a outros poetas que non eran da súa corda. E por aí, polos camiños da aldraxe, semella andar outro dos coasinas da escolma, o poeta canario Andrés Sánchez Robayna, un pouco o voceiro de *Las insulas extrañas* nesta a súa primeira saída. Detrás desta escolma, fermosamente presentada nun volume que —outros valores a parte— convida a ser mercada polos amantes dos libros que levan a beleza por bandeira, está a archicoñecida batalla— archicoñecida, naturalmente, por aqueles que andamos no choio de seguir os pasos dos poetas— entre as poéticas da *diferencia* e da *experiencia*. A primeira levaría como subtítulo o do *coñecemento* ou —mesmo— o do *silencio*. O que pasa é que hai quen pensa, e seguramente ten razón, que estas clasificacións teñen moito de mercadotecnia cando non de rivalidades persoais

que noutras circunstancias permitirían o intercambio de poetas dunha e outra tendencia cal se fose cros. Por non dicir atan deputados da Restauración, cando Cánovas e Sagasta muñían os resultados electorais. Quérese dicir que o propio Valente, na súa primeira época, tiña moito de poeta da experiencia. Na primeira época pero tamén moi posterior cando escribira *Si amanece el cantor*. Ao revés de certos poetas que aquí non están, Bousoño, Hierro, Celaya, poetizaron unhas cantas veces de maneira que o canón desta antoloxía esixe. Un canón, por certo, desbordado por Eduardo Millán, curiosamente un dos antólogos, cando escribe poemas como *Mi padre se llama José*. *Es viudo* que si aparece na selección. E qué dicir de poetas como Jaime Gil de Biedma, pai (o avó sería Luis Cernuda) putativo de moitos dos poetas da experiencia e a quen os seleccionadores de *Las insulas extrañas* non ousaron 'ningunear' (tería sido un auténtico escándalo, claro). E non obstante deixaron fóra a Félix Grande, outro que combina experiencia con coñecemento e silencio, en fin. Así as cousas sería inxusto negarlle categoría estética —e conceptual— a esta escolma chea de acertos mesmo contra dela ou dos principios que a sustentan. Así cando insire a Miguel Hernández ou a Nicanor Parra, exemplos significativos do que aquí se nega, a liña participativa contra da *esencial*. Outros colares para unha mesma dama: a poesía. Que é a que, malia todo, chouta aquí por todos os recunchos. Porque, e agora entrarían os gustos persoais, este groso volume recolle un mangado de sobranceiros poemas e tamén de poetas case nunca susceptibles de discusión. E que van de Juan Ramón Jiménez a Jorge Esquinca, mexicano de 1957, o máis novo. Entre os nove e nove poetas antologados hai dous galegos: José Ángel Valente e César Antonio Molina, os dous poetas episódicos na nosa lingua. Episódicos e importantes como o libro que veño de comentar, discutible e aconsellable xa que logo.

VICENTE ARAGUAS



Os novos

Hai tamén 'novos' lectores que están fartos das falsas novidades, e que pensan que moitas novelas son estúpidamente novelísticas. Nelas tampouco logran recoñecerse a si mesmos como lectores

a

segunda semana de novembro celebráronse en Madrid as xornadas *A liberdade no seu labirinto*, encontro dos narradores da "primeira xeración da democracia" incluídos na colección *De boca en boca* do Círculo de Lectores. Case ó mesmo tempo, e pouco despois da publicación de *Materia Prima*, última antoloxía de novos narradores galegos editada por Xerais, tivo lugar en Mondoñedo o II Encontro de Novos Escritores Galegos.

¿Trátase de pura coincidencia, ou as estratexias das editoriais requiren, de cando en cando, a presenza mediática de grupos de autores, senón novos, polo menos pouco coñecidos pra o público? ¿É o efecto inmediato da caída de vendas de libros durante os derradeiros anos, que as editoriais pretenden compensar prestando máis atención a outro tipo de propostas narrativas? ¿Existe, entre os autores en galego ou en castelán, algún consenso respecto das novas propostas

estilísticas, ou trátase sinxelamente dunha cuestión de data de nacemento e experiencias históricas comúns?


O primeiro que chama a atención nestes heteroxéneos grupos de novos escritores é o desinterese por atopar coincidencias estéticas. Isto, pensarán, é moi posmoderno: Calquera estética parece aceptable. Estamos completamente perdidos.

En Madrid (a revista *Letras Libres* presenta, no seu próximo número, unha reportaxe das xornadas e os "autorretratos" dos participantes) o debate estético rondou a mesa en varias ocasións, sen chegarse xamais a profundar nel. Claro que non sei de moitos escritores os que lles guste falar do seu traballo. En xeral, preferimos falar do traballo dos demais: Dos editores, dos publicistas, dos distribuidores, dos libreiros...

Non coñezo en detalle as discusións que tiveron lugar no encontro de Mondoñedo, pero segundo o artigo publicado neste mesmo xornal, destacou-se "a vitalidade da escrita galega e o desinterese dos autores consagrados", xunto coa necesidade dun "maior apoio dos medios de comunicación". Outra volta, moi pouco deles mesmos e moito dos demais.

Quizais é chegado o momento en que algúns comecemos a falar do que facemos ou queremos facer, en lugar de cómo vender máis libros. Quizais se empezamos a esixirnos a nos mesmos unha actitude máis "literaria" poidamos solicitar dos editores unha actitude máis "comercial". O modo de chegar ós lectores é, sen dúbida, unha cuestión esencial, pero non creo que sexa o tema de debate máis urxente para os escritores. Eu proporía: ¿que é o que fai "novos" os novos escritores? ¿A idade? ¿Querer ocupar o lugar dos 'autores consagrados'? ¿Desfrutar do seu patrocinio? ¿Ou, en cambio, escribir de forma diferente, tentar describir o mundo contemporáneo con medios narrativos actuais?

Non me preocupa demasiado o asunto das xeracións literarias, e creo que quen define unha xeración de escritores é a xeración seguinte. As xeracións son obxecto de estudo na Historia da Literatura, non o produto dun acordo entre escritores. A literatura é un problema estético, e iso require outro tipo de discusións. Deberíamos discutir, por exemplo, cales son a función e o alcance da literatura hoxe en día: ¿Que facemos os escritores? ¿Qué efecto ten o que facemos na nosa cultura? ¿Simple entretemento? –En tal caso deberíamos definir qué tipo de entretemento, pois, do contrario, a literatura ten a guerra perdida fronte ós medios audiovisuais–. ¿Unha forma reflexiva de entretemento, textos que piden un esforzo ó lector, que insisten en poñer en cuestión o seu pensamento? ¿Ou unha forma particular de experimentación estética,



irreductible "ó que se conta" e ós efectos emocionais que produce? ¿Cales son as diferencias entre as diversas formas narrativas da cultura actual? ¿Por que algúen tería que lernos no lugar de ver a televisión?

Se decidimos elixir entre os "novos autores" aqueles que son novos de verdade, encontrámonos con que non abundan (Eloy Fernández Porta, Juan Francisco Ferré, Javier Calvo, Antón Lopo, Eloy Tizón, Santiago Jaureguizar, Javier Pastor, Antonio Orejudo, Julián Rodríguez Marcos...). Moitos dos outros, como quen agarda a xubilación do seu xefe pra subir na escala, só están á espera de ocupar o pedestal dos "consagrados", facendo mentres o mesmo que eles fan: Narrativa sentimental, predicable, sen outro propósito que evocar as emocións máis fáciles. Narrativa que, como explica Curtis White, "é algo máis que un folletín, pero tenta os lectores cos mesmos contidos que os folletíns". Quizais os auténticos novos non sexan tan *modernos*. A auténtica literatura non se fai para compracer ó lector nin ós "autores consagrados": Case sempre acaba por molestar a uns e a outros.

Non pode existir un movemento de novos autores sen unha sólida base teórica e estética na que apoiarse. Sen elementos comúns de estilística e pensamento. Sen críticos, filólogos e pensadores capaces de explicar esas características compartidas. Noutro caso, aqueles que tenten escribir na tradición artística da gran literatura e descubrir as formas narrativas da actualidade permanecerán illados como francotiradores solitarios. O que tampouco supón ningún problema; moitos dos grandes escritores seguen a vivir e escribir como disidentes do seu tempo, comunicándose entre eles e cos lectores exclusivamente a través das súas obras. Boa parte da *nova literatura* séguena a facer os vellos (lean o derradeiro libro de Claude Simon, ou os recentemente reeditados de Maurice Blanchot en Pre-Textos para comprobalo), e moita está xa feita dende hai 300 anos.

Porque tamén hai *novos* lectores que están fartos das falsas novidades, e pensan que moitas novelas son tan estupidamente novelísticas que quen as le a penas pode recoñecerse a si mesmo como lector. O labor a facer nas reunións xeracionais debería ser orientar a eses lectores, entre a xungla do novo, ó que é auténtica literatura.

gERMÁN SIERRA

Damas negras

Damas negras é o necesario recoñecemento do importante que foi a voz (poética) das mulleres que usaron como soporte o canto. Tamén é un sorprendente recordatorio de como, desde as marxes, como sempre, as mulleres de alma e corpo negro aquelaron niño de seu para nos contar as súas vivencias reais do desamor...

n

on resulta nada doado verquer tinta sobre a tinta cando temos a cabeza ocupada no piche pegañento. Nestes días leo con teimosía aquel texto de Cunqueiro sobre o *Monte Urquiola* recollido por Néstor Luján en *Fábulas y leyendas del mar* (gracias, Carme, por mo lembrar), ou as moitas pasaxes nas que Rivas fala da dura vida na ribeira, na Costa da Morte, en Terranova... ou o mar de Manuel Antonio e Xohana Torres, que nos é roubado. Estes son dos poucos textos que podo ler, nestes días, en conciencia; isto, e percorrer co dedo acusador os mapas da xeografía do fuel. Tamén anda comigo desde hai unhas semanas, de metro en metro, *Damas negras. Música e poesía cantada por mulleres* (Vigo: Xerais, 2002) unha magnífica antoloxía da mellor lectora que eu coñezo, María do Cebreiro. Só alguén capaz de ler nos textos e nos corpos como ela le, podía facer con tanto acerto unha tradución que precisa manter o alento de letras vividas, auténticas. Só unha lectora de fondo coma ela, podía traducir estas voces negras con tan profundo sotaque galego: o blues de Bessie Smith, como ela mesma avisa, soa en galego a cantiga de amigo ("Negra é a cor do pelo do meu ben / Negra é a cor do pelo do meu ben"); a cantiga de emigrante de Tina Turner sobre un lugar de Tennessee en galego


convértese en *O confín da cidade de Nogueira*; e o *Freedom now* que Tracy Chapman compuxo pensando en Nelson Mandela en galego vernízase de Ferrín: *Reclamo a liberdade*; e Ella Fitzgerald en galego di "ailalelo, ailalelo".

Algunha vez dixen, a propósito de Florencio Delgado Gurriarán, que o poeta cando traduce escribe as súas notas sobre partitura allea (a idea non é miña, sae dos lectores atentos de Cunqueiro); é dicir, "utiliza" a tradución e calca debuxos de seu sobre papel cebola. Así tamén María do Cebreiro con quen por veces o traductor estrito poderá disentir, pero nunca lle poderá botar en cara que se trata dunha tradución honesta e absolutamente tinxida de negro.

Damas negras é o necesario recoñecemento do importante que foi a voz (poética) das mulleres que usaron como soporte o canto. Tamén é un sorprendente recordatorio de como, desde as marxes, como sempre, as mulleres de alma e corpo negro aquelaron niño de seu para nos contar as súas vivencias reais do desamor, do desarraigo, da prostitución, da inxustiza, do gozo, da maternidade ou da liberdade. Tamén da violencia doméstica, que nos adiantaran, antes de que fora berro común, as voces de Koko Taylor ou Billie Holiday. E, por suposto, é unha extraordinaria guía de viaxe polas rotas femininas da negritude norteamericana, desde as vellas damas do blues deica as máis urbanas mozas do hip-hop, aínda que moitas letras foron escritas por homes (nada novo, pasou coas coplas de Concha Piquer, pasou tamén coa cantiga de amigo).

Damas negras son hoxe, onda nós, as mariscadoras, as peixeiras, as mulleres do mar, que teñen tinxido o seu mundo todo por unha amarga colleita. Damas negras son as que erguen a voz e poden falar, desde o íntimo, sobre o mundo coa contundencia da certeza: "¿Onde van ir meus fillos cando acabe todo isto? ¿A Canarias...?" (oído en TV3). Ou se o prefiren na voz do blues, de Bessie Smith: "Non volveirei ata que mudes de camiño / Non volveirei ata que mudes de camiño".

hELENA gONZÁLEZ



‘Amberes’

a

recente publicación de *Amberes* (Anagrama 2002), a súa última novela, que se engade a unha produción que medra a un ritmo frenético, converte a Roberto Bolaño en dono e señor dunha forma de escritura innovadora e orixinal. Segundo algúns críticos xa temos material suficiente para que poidamos falar do "territorio Roberto Bolaño". Sexa como for, o que semella indiscutible é que Roberto Bolaño é hoxe en día unha das voces narrativas máis relevantes e orixinais da literatura hispanoamericana. A súa prosa ecléctica, os seus lúcidos desvaríos temáticos, mestura de autobiografía e de ficción, os seus personaxes situados nos lindes e dificilmente literaturizables, convierten a este chileno corecafiños nunha das voces emerxentes e renovadoras da narrativa escrita en español.

Chileno de pasaporte (Santiago de Chile, 1953), Roberto Bolaño é outro escritor que edita coa súa vida unha verdadeira novela. Aos quince anos estréase na transhumancia instalándose en México onde dá os primeiros pasos no xornalismo e se converte ao trotskismo. Uns anos despois puido contemplar no seu país a crueldade impune do golpe militar que pechou aquela avenida da liberdade chamada Salvador Allende. El mesmo ficou cos seus ósos nos alxubes dos golpistas. Liberado gracias á intervención duns políticos, amigos desde a infancia, puxo terra por medio e tras-

ladouse a El Salvador, onde tivo a oportunidade de coñecer ao poeta Roque Dalton e tamén ós seus asasinados. Desde 1977 será España o país que acolle a este chileno diminuto e inconformista. Aquí, da mesma maneira que en Francia e noutros países, exercerá os máis diversos oficios: lavapratos, camareiro, vixilante nocturno, recolledor de lixo, vendededor, descargador de barcos... Asentado na actualidade na vila costeira de Blanes, Roberto Bolaño estrutura con sabedoría e perspicacia espazos e materiais ficcionais, converténdoo en balizas do seu mar literario. Serán Chile, o París cobizado e soñado polos exiliados, a Cataluña tan fría, racional e europea na que dificilmente se atopan partículas para alimentar a fantasía. E será sobre todo México. Un México convertido en mito, nunha "porta cara o descoñecido", que configurará unha gran parte do seu imaxinario.

Hai tres anos a súa novela *Los detectives salvajes* obtivo o premio Herralde e o Rómulo Gallegos, considerado o Nobel de Hispanoamérica que gañaran no seu momento os grandes autores do boom, García Márquez e Vargas Llosa entre eles.

Amberes é unha vella –nova novela que Roberto Bolaño escribiu hai máis de vinte anos cando gañaba a vida traballando nun camping español e tiña o convencemento de que a fronteira final da súa existencia serían os trinta e cinco anos. A novela é un prólogo do extraordinario talento que exhibirá anos máis tarde, nas súas obras futuras. Construída nun intre no que o escritor experimentaba na súa propia carne unha pobreza absoluta e vivía nunha escenografía anarquista, os seus textos extremos, de difícil clasificación, pero de gran calidade, son o agoiro dun universo ficcional ategado de potencialidades que estourarán nas súas obras posteriores.

As páxinas de *Amberes* lembran instantáneas conxeladas dunha película delirante que transcorre cunha rapidez desconcertante e á marxe de calquera sutura cronolóxica e xenérica: "Visítase o xénero negro, mais como podería visitar un extraterrestre unha granxa avícola. Non cómpre que descifremos nada. O que fica son imaxes soltas dun pesadelo", declara o mesmo autor xulgando a súa obra. A súa derradeira consideración non deixa lugar para as dúbidas. Do perdido, do irremediamente perdido, o escritor só deixa recuperar a dispoñibilidade cotiá da súa escritura, liñas capaces de tirarlle do pelo e erguelo cando o seu corpo

Chileno de pasaporte (Santiago de Chile, 1953), Roberto Bolaño é outro escritor que edita coa súa vida unha verdadeira novela. Aos quince anos estréase na transhumancia instalándose en México onde dá os primeiros pasos no xornalismo e se converte ao trotskismo. El mesmo ficou cos seus ósos nos alxubes dos golpistas.

xa non queira resistir máis. Un texto difícil polo que circulan mozos traficantes de droga que teñen sexo cos detectives da brigada de estupefacientes, mulleres fermosas e radiantes, turistas asasinados, escritores vagabundos e outras figuras que formarán parte da xeografía fabuladora do escritor e que volverán aparecer en *Los detectives salvajes* e nunha extraordinaria colección de contos, *Putas asesinas*, publicada o pasado ano. As pezas que desenvolven nun proxecto narrativo orfo de coherencia as teimas de sempre deste escritor.

Roberto Bolaño posúe unha grande habelencia para amalgamar biografía e fantasía, para recuperar a memoria das batallas perdidas e das obsesións que expulsaron do paraíso a xeracións enteiras. Endalí o estrañamento e a inmensa desolación que acompaña a todos os seus personaxes. Seres solitarios e atormentados que viven un nihilismo xélico, na impotencia máis absoluta para traspasar a sima da incomunicación sentimental. Endalí tamén o saíbo agridoce e estraño que nos deixan as páxinas deste escritor que atopa na sensualidade, na ironía e no humor cáustico as únicas canles para fuxir da desolación.

A literatura radical e Roberto Bolaño afástase decididamente dos autores do boom e dos escritores cortesáns ("eses ladróns de estruturas alleas, eses pobres ilusos que por un codelo de pan... son capaces das peores mesquindades"). Os seus textos nada teñen que ver en efecto coa "imaxinería tropical e telúrica" de García Márquez nin coas fabulacións vividas de Vargas Llosa, verbo dos que coida que xa esgotaron o seu manancial imaxinativo e que xa nada teñen que dicimos. Outra cousa moi distinta é Cortázar e un grupo de escritores da súa xeración como Rey Rosa, César Aira e o mesmo Ricardo Piglia, que intentan renovar o mapa literario de Latinoamérica. Da resignada comprensión dos seus lectores que, segundo palabras do propio autor, saben perdoar os seus gladiadores e os seus pallasos, dependerá que o consigan.

f. MARTINEZ BOUZAS



Marko Ristic

Serbia (1902-1984)

Ningún día sen sangue
Ningún día sen sono
O primeiro e o último
Ningún día sen fondo.

A noite no fondo do día
Ningunha sen mañá
Ningunha sen vixilia
Hoxe e mañá.

Nâzim Hikmet

Turquía (1902-1963)

En Port-Saïd, os barcos son numerosos...
En Port-Saïd
está próximo o sol e lonxe a nube
En Port-Saïd, engrasando os zapatos,
pés nus, cabeza rapada,
un neno de dez anos, meu Manzur.

É magro e negro o meu Manzur
como carozo de dáttil
Gracioso é o meu Manzur
e canta sen cansela a mesma letanía:
ya habibi, ya aini

Oh meus ollos, oh meu amor
Queimaron a Port-Saïd, mataron ao meu
Manzur

No xornal de hoxe ollei a súa fotografía:
Era entre tantos mortos só un pequeno
morto.

Ya aini, ya habibi
Oh meu amor, oh meus ollos
Como carozo de dáttil.

Novembro de 1956

O poema título se 'Memento'

Luís del Valle Silva


Venezuela (1902-1962)

Cara abaixo é a viaxe sen luz das raíces.
Namentres ramas e follas
flores e froitas viaxan cara arriba.
Das raíces das árbores,
a veces esquecemos
que sostendo o bosque xigantesco
vive outro bosque sepultado.
Raíces da roseira, pardas humildes,
¿qué saberán elas de cor e de arume
para atopar a perfección intacta
con que vestir e perfumar a rosa?
Raíces somerxas
onde beben azul lirios da auga,
¿van ao fondo procurando a terra
ou o azul que na auga se retrata?

O poema título se 'Raíces'

RL
revista das letras 447

1902
Poetas do centenario
2002



Dulce María Loynaz



Nicolás Guillén co Che Guevara e Fidel Castro


Volver ás raíces fecundantes dos poetas que xeraron ese gran milagre para erixir o monumento do verso, non deixa de ser un acto obviamente nobre. A palabra en riste, disparando a toda parte, en pacífico son, co celme máis apreciado e personalizado dos poetas. Este ano de gracia de 2002, os amantes da poesía celebramos a nacencia de lembrados poetas que dotaron ao século XX dunha harmonía que engrandece ao ser humano no seu tráfego existencial. Neste ano podemos erguer o cáliz rebordado de versos dos dous hemisferios e nel beber esa sustancia lírica nun renacer iluminado.

No Brasil dos grandes poetas que abriron con tenrura a súa modernidade deixémanos levar por Drummond de Andrade para experimentar ese contorno metafísico e da súa sensibilidade extrema. E de Drummond, en imperturbábel viaxe, ficamos en Cabo Verde, ponte de tres continentes poéticos, e recollemos a voz neo-realista, na súa máis fecundadora realidade social, de Jorge Barbosa, un dos grandes piares da xeración de Claridade. Outro punto de encontro é no Canadá con A. J. M. Smith, o precursor de tantas innovacións da poesía do norte anglosaxón máis profundo. Ou a costarrriqueña, Clementina Suárez, fulgor de melancolía, evocando luz en tránsito perpetuo. Dobrisa Cesaric, expande o seu mergullo das milenarias terras de Croacia con eses acentos cargados de sutilezas e encantos. En Cuba atopámonos a dúas voces que proclaman as esencias caribeñas. Nicolás Guillén, poeta do criolismo que retomou a memoria africana, perdida en tantas sagas coloniais. Dulce María Loynaz devolvéndonos o frescor da illa tropical, nesas súas paisaxes paradisíacas. Paul la Cour, teimando na poesía cívica dinamarquesa e lanzando o seu berro contra múltiples inxustizas. Se queremos viaxar, vaíamos de mans dadas con Jorge Carrera Andrade, descubriendo paisaxes, itinerarios e xeografía sen regreso. Como sen regreso foron as ambicións de li-

Centenarios



Nâzim Hikmet



Carlos Drummond de Andrade

berdade que se perderon no exilio de Rafael Alberti e Luis Cernuda, dous andaluces da Xeración do 27, dúas referencias da poesía española, lícitas para conmover e conmemorar. Dous estadounidenses negros que defenderon a súa comunidade, fronte discriminación racial foron Arna Bontemps que iniciou o Movemento da Renascencia de Harlem, nos anos 20, a súa poesía foi unha arma poderosa en favor dos dereitos dos negros. Langston Hughes é o mais prolífico poeta negro dos EEUU. Iniciador da negritude no seu país que floreceu noutros espazos como o africano. Hughes universalizou a causa dos negros e reivindicou os Dereitos Humanos para a súa comunidade. A súa poesía é hoxe unha referencia para os poetas negros de todo o mundo.

Xa noutro paralelo, nos de Finlandia, atopamos a Henry Parland, un avogado e crítico literario que foi capaz de darlle un novo sentido lírico á poesía finlandesa. De Francia chégannos os ecos de Pierre Béarn e de Claude Sernet. O primeiro, opinou: "Considero a poesía como unha arma que sirva para xostregar todo o que no mundo dos humanos hai de feo e odioso". Para Sernet, os seus acentos poéticos inspiran nobres sentimentos. En Florencio M. Delgado Gurriarán, Galicia celebra a un poeta do exilio que lle deu preferencia á evocación do seu lar nativo. Así flúe a súa poética desde as antigas e romanizadas terras de Valdeorras. E desde estas terras que o Sil, baña buscamos en Hungría a Ylliés Giula, un poeta comprometido con diversas realidades como podemos ver no poema que presentamos. Das Illas Mauricio presentamos a Malcolm de Chacal, un poeta que sintonizou co entorno popular en que viviu. Inglaterra celebra a Roy Campbell, un gran poeta solitario e trotamundos, con diversas actividades ás súas costas. Escribiu un libro sobre a Guerra Civil española: *Flowering Rifle*. Da Illa de Madagascar destacamos un exemplo que hoxe é referencia en todo o mundo literario e, sobre todo, na África negra, trátase de Jean-Joseph Rabearivelo, a el se debe o gran parnaso lírico que se difundiu dos seus libros: *Presque-Songes* e *Traduit de la Nuit*, polos que cómpre rastrexar poderosos sentimentos e singular creatividade. Os mexicanos proclaman os deliciosos e marcantes poemas de Jaime Torres Bodet. En Portugal lembran a Saúl Días, irmán doutro gran poeta portugués como foi José Régio, el soubo erixir moitas cousas no perfume dos versos. Zaharia Staneu, desde a Romenia, perfilou un universo poético moi persoal. Igual que Marko Ristic, o poeta serbio que comprendeu ao seu país e foi capaz de darlle versos cargados de crítica. En Turquía procuramos ao gran Nâzim Hikmet, o poeta solidario e comprometido co home asoballado en todo o mundo. A poesía de Hikmet, desde a súa singularidade acadou ese gran círculo plural en que todos nos vemos reflectidos. Con Venezuela pechamos esta celebración e convivio poético, coa voz de Luisa del Valle Silva, perpetuadora de versos metafísicos e de evocacións ancestrais.

XOSÉ IOIS gARCÍA

Carlos Drummond de Andrade

Brasil (1902-1987)

Os amantes se aman cruelmente
e como se amarem tanto não se vêrem.
Um se beija no outro, reflectivo.
Dois amantes que são? Dois inimigos.

Amantes são meninos estragados
pelo mimo de amar: e não percebem
quanto se pulverizam no enlaçar-se,
e como o que era mundo volve a nada.

Nada, ninguém. Amor, puro fantasma
que os passeia de leve, assim a cobra
se imprime na lembrança de seu trilha.

E eles quedam mordidos para sempre.
Deixaram de existir, mas o existido
continua a doer eternamente.

O poema titúlase 'Destruíção'

A.J.M. Smith

Canadá (1902-1980)

O cedro e mais o abeto puntagudo
erguen farpas afiadas
cara o ceo
cincento e cargado de nubes;
e na mesma baía
inflamada escume que arrastra o vento
e salpicos delicados, acedos
caen do remoiño do ceo;
e os piñeiros
inclinábanse cara un lado.

O poema titúlase 'Solitaria Terra'

Jorge Barbosa

Cabo Verde (1902-1971)

Cuanta desgraza não fica
nas nossas ilhas desfeita
no começo da vida!

Porque ha meninos que morrem
muitos meninos que morrem
no começo da vida!

Mesmo assim vai o povo
día a día aumentando
com tanta teimosía

como as flores bravías
que reviven heroicas
através das estiagens.

Vai o povo crescendo
são os ventres fecundos
os ventres explosivos

das mulleres humildes
são os meninos que nascem,
muitos mais dos que morrem.

Daqui a anos não sei
o que será quando formos
meio milhão todos nós!

O poema titúlase 'Demografía'

Clementina Suárez

Costa Rica (1902-1991)

Vou,
veño,
e logo penso.

O mesmo aquí
que acolá,
non hai
un lugar
conquerido. Aquí
como acolá
son o que
as xentes chaman
un estranxeiro.

E como un estranxeiro
irei e tornarei.
Ata que aquí
como acolá,
nin eu
nin ninguén o sexa.

O poema titúlase 'Sen residencia'

Dobrisa Cesaric

Croacia (1902-1980)

Todos en fila, remata a cea,
Ingresan na súa propia mágoa.

Musculosos pelotiqueiros
Isphen as vestes empapadas,
Como os soldados prateiros
na posguerra sacan o uniforme.

Mulleres, diante do espello,
Logo limpan a maquillaxe,
Á procura de novos casquillos,
Cos magoados ollos.

O poema titúlase 'Esbozo circense'

Dulce María Loynaz

Cuba (1902-1997)

No meu xardín hai rosas:
Eu non che quero dar
as rosas que mañá...
Mañá non as terás.

No meu xardín os paxaros
con canto de cristal:
Non chas dou, que teñen
alas para voar...

No meu xardín abellas
labran fino panal:
¡Dozura dun minuto...
non cha quero dar!

Para ti o infinito
o nada; o inmortal
ou esta muda tristura
que non comprenderás...

A tristura sen nome
de non ter que dar
a quen leva na fronte
algo de eternidade...

Deixa, deixa o xardín...
non toques o rosal:
As cousas que morren
non se deben tocar.

O poema titúlase 'Eternidade'

Nicolás Guillén

Cuba (1902-1989)

Yambambó, yambambé!

Repica o Congo solongo,
repica o negro ben negro:
Congo solongo do Songo
danza yambó sobre un pé.

Mamatomba,
serembe cuserembá.

O negro canta e embebédase
o negro embebédase e canta,
o negro canta e vaise.

Acuememe serembó.
aé
yambó,
aé.

Tamba, tamba, tamba, tamba,
tamba do negro que tumba;
tumba do negro, caramba,
caramba, que o negro tumba:
yamba, yambó, yambambé!

A García Caturla, músico

O poema titúlase 'Canto negro'

Paúl La Cour

Dinamarca (1902-1956)

Sen ollos, sen ollos.
Vexo coas maos, coa boca,
os paxaros de todos os meus ollos,
están erectos como sentinelas:
ollar ata o que a vida desborda,
confesar unha vez a súa estraña profundidade;
antes que o ollo se peche en ver unha soia Cousa
tan intensa e implacábel como pura
que sabe axuntar-
e que pase o limiar.
Limpo un espello que non se lembra de min,
endurézome na luz, afíliome na pedra.
Non atopo ao que me agarda
porque xa non está na súa casa.

O poema titúlase 'Agarda'

Jorge Carrera Andrade

Ecuador (1902-1978)

Benvido, novo día,
As cores, as formas
voltan ao taller da retina.

Velaquí o vasto mundo
coa súa envoltura de marabilla:
A virilidade da árbore.
A condescendencia da brisa.

O mecanismo da rosa.
A arquitectura da espiga.

O poema titúlase 'Versión da Terra'

Luís Cernuda

España (1902-1963)

QUIZAIS os meus lentos ollos non verán máis o sur
de lixeiras paisaxes durmidas no ar
con corpos á sombra de ramas como flores
ou fuxindo nun galope de cabalos furiosos.

O sur é un deserto que chora mentres canta
e esa voz non se extingue como paxaro morto
cara ó mar encamiña os seus desexos acedos
abrindo un eco débil que vive lentamente.

No sur tan lonxincuo quero estar confundido
a choiva alí non é mais que unha rosa entreaberta
mesmo a súa néboa ri en branco riso no vento
a súa escuridade a súa luz son belezaas iguais.

O poema titúlase 'Quero estarsó no sur'

Rafael Alberti

España (1902-1999)

Convídote, sombra, ao ar.
Sombra de vinte séculos,
á verdade do ar,
do ar, ar, ar.

Sombra que nunca saes
da túa cova, ao mundo
non che devolvo o asubío
que ao nacer che deu o ar,
do ar, ar, ar.

Sombra sen luz, mineira
polas profundidades
de vinte tumbas, vinte
séculos ocos sen ar,
do ar, ar, ar.

¡Sombra, aos picos, sombra,
da verdade do ar,
do ar, ar, ar!

O poema titúlase 'Convite ao ar'

Arna Bontemps

Estados Unidos (1902-1973)

A nosa idea non é vir loitar
con espadas sobre este monte:
non se debe gastar a vida así
sempre contrarios a unha vontade felina.
Igual que os outros, importa pouco morrer:
abrindo un camiño para que o sol poida nacer.

O poema titúlase 'Os que fan romper o día'

Langston Hughes

Estados Unidos (1902-1967)

Son o irmán máis escuro.
Mándanme comer na cociña
Cando hai visitas,
Mais eu ríome,
Como ben
E fico forte.

Pola mañá,
Sento á mesa
Cando teñan visitas.
Ninguén ousará
Dicirme,
"Come na cociña",
entón.

Alén diso,
Verán que son belo
eterán vergoña,

Tamén eu son América.

O poema titúlase 'Tamén eu canto a América'

Pierre Bearn

Francia (1902-)

O sol era clemente cando eu estaba nu agardando os froitos dunha
palmeira adormecida.
Unha ofelia flotante deslizábase entre os seus veos de musgo cando
eu

estaba nu e de pé como ela.
Separando o musgo da auga, unha dorna vogaba cara a min no Nixer.
Ao pasar os dous remadores deixaron seus remos pendurados,
sumismados de curiosidade.

Eran os péndulos dunha enramallada de negros froitos onde brillaban
ollos asombrados.

A miña mao non acadaba o froito adormecido e as mulleres
debruzadas allábano sen que nacesse unha luz.

De súpeto desplomáronse baixo as cores dun arco da vella de tea,
mais

os seus ollos vivían sempre coa miña desfalecente vida.
E a corrente arrastrounas.

Mais eu fiquei longo tempo en pé, como unha palmeira chea de sono.

O poema titúlase 'Indecencia'

Henry Parland

Finlandia (1902-1930)

Volvinme
acatarrar
e fico na casa
espirrando poesía
por todo o escritorio.
Os bacilos choutan polo cuarto
xunto cos microbios poéticos;
eu non podo dicir puntualmente
cáles son
uns
e cáles son outros.

O poema titúlase 'Nocturno'

Claude Sernet

Francia (1902-1968)

Soño de amor cando a hora fica detida e lenta
E a calor máis húmida e o abandono máis denso
-Mais novamente soño e dígoche os meus soños
E ti faste lixeira e lixeiro fágome eu.

Florencio M. Delgado Gurriarán

Galicia (1902-1987)

Espreguízase o rexo castiñeiro,
vello petrucio, pai de cen anadas.
Ao quentor das luminosas labaradas
volve agromar, nun pulo brincadeiro.

As candeias, de afrodisiaco cheiro,
pola verde follax agarimadas,
son, ao xeito de doas penduradas,
ouro a tremar co vento rebuldeiro.

Da sombra, na romax, ás muiñeiras.
Alcovita ao malvís nos seus xuntoiros.
E quence, dos magostos, coas fogueiras.

Abre as arpadas bulsas. Xoga aos dados,
mais, co frío, perde todo e fica encoiros
con carraxe de ourizos regañados.

O poema titúlase 'As xeiras do Castiro'

Malcolm de Chacal

Illas Mauricio (1902-1981)

(Excertos do Herbario)
Todas
As cavernas
Toseron
Neste inverno.

A sombra
É
A mala
Do espacio.

Cada
Paxaro
Ten a cor
Do seu berro.

Os animais
Sorrín
Cando
Beben.

O clarín
É o galo
Que foi alén
De seu propio
Grito.

Illyés Gyula

Hungría (1902-1983)

Non fiqui para nada aborrecido. Que os labregos
lancen cousas así, os proletarios, irritame.
Mais que un letrado diga, facendo gracia:
"¿E que mal ten, se desaparecen pobos e linguas de

quinta orde?
En concreto, non haberá perseguidos, nin
irlandeses, nin curdos,

nin
bascos, nen..." Coidas que non penso niso
nese xa vello problema, que volve doutra
maneira,

¿esta miña e tan variada obra será posta de moda?

O poema titúlase 'En Ninive'

Roy Campbell

Inglaterra (1902-1957)

Fica adurmiñada, e as ondas móvense
no seu cabelo, cando fica soñando, xirando
cara ó estalo enmudecido
recendendo, nas praias do soniño.
¿É quizais o meu espírito ou a súa carne
que sente un desmaio de prata, sen alento?
O soño non ten sombra para apreixar con redes
solitaria rival da lúa,
esa branca e vixiante fermosura,
que, esperta na longa noite azulada, olla,
con meus ollos sen sono,
a escuridade trócase en prateado día
e nas súas ladeiras consome
tristuras que facilitaron prudencia a meus ollos.

O poema titúlase 'Adormecida'

Jean-Joseph Rabearivelo

Madagascar (1902-1937)

IX

As colmeas secretas forman unha liña
arredor das liñas do ceo,
entre luminosos niños.

Saqueádeas abellas dos meus pensamentos,
pequenas abellas sonORIZANDO as alas
na nube circundada de silencio;
cárgaos de propóleos
perfumado de astros e de vento:
con el selaremos todas as fisoas
que comunican coa tumultuosa vida.

Cargádevos tamén de pole estelar
entre as praderías da terra;
e mañá, cando callen nelas
as rosas silvestres dos meus poemas,
teremos barreiras aéreas de escaramullo
e sementes siderais.

Saúl Días

Portugal (1902-1983)

Peço apenas o teu silêncio,
como uma criança pede uma flor
ou um velho pedinte um bocado de pão.
Um silêncio
onde a tua alma se embrulha, friorenta,
trémula, à aproximação das invernias.
Um silêncio com ressonâncias de antigas primaveras
de outonos descoloridos
e da chuva a cair no negrume da noite.

O poema titúlase 'O silêncio'

Jaime Torres Bodet

México (1902-1974)

Fuxiunos a tarde
en cantar unha canción,
en perseguir unha nube
e en estollar unha flor.

Fuxiunos a noite
en dicir unha oración,
en falar cunha estrela
e morrer como unha flor.

E fuxiranos a aurora
en volver a esa canción,
e en perseguir esa nube,
e en estollar esa flor.

E fuxiranos a vida
sen sentir outro rumor
que o da auga das horas
que leva o corazón.

O poema titúlase 'Canción das voces ereas'

Zaharia Stancu

Romanía (1902-1974)

Ao redor das augas,
preto do horizonte,
ao bordo dos ceos,
erguéranse árbores vermellas.

Coñecín os seus froitos: vermellos.
Coñecín as súas follas: vermellas.
Coñecín as súas sementes: vermellas.
O corazón, a primeira árbore vermella.

O poema titúlase 'A árbore vermella'

VENEZUELA

LUÍSA DEL VALLE SILVA

(1902)

RAÍCES

Cara abaixo é a viaxe sen luz das raíces.
Namentres ramas e follas
flores e froitas viaxan cara arriba.
Das raíces das árbores,
a veces esquecemos
que sostendo o bosque xigantesco
vive outro bosque sepultado.
Raíces da roseira, pardas humildes,
¿qué saberán elas de cor e de arume
para atopar a perfección intacta
con que vestir e perfumar a rosa?
Raíces somerxas
onde beben azul lirios da auga,
¿van ao fondo procurando a terra
ou o azul que na auga se retrata?





RL

revista das letras 448

Wallace Stevens

RL

Assinantes da RL podem receber, sem custo adicional, o livro "Wallace Stevens: A Vida e a Obra" de Carlos Lacerda, publicado pela Editora da UFRJ, em 1999. Para mais informações, consulte o site www.editorafrase.com.br ou ligue 0800-707-0707.

Stevens pola tarde, en New Haven



Wallace Stevens (1879-1955) é, desde a aparición en 1923 do seu primeiro libro, *Harmonium*, un dos poetas máis orixinais da lírica dos Estados Unidos do pasado século, cunha poesía que encontra os seus alicerces na enerxía transformadora da imaxinación. A pesar da forza dos seus versos e da estimación que levantou nun determinado círculo de críticos, Stevens non logrou o recoñecemento xeral ata un ano antes da súa morte, cando se reúnen nun só volume os seus poemas. A súa obra, sen embargo, foi gañando adeptos co paso do tempo e hoxe está considerado unha voz xa esencial. A tradución que hoxe presentamos en rEVISTA DAS IETRAS de *Unha tarde corrente en New Haven*, a primeira que se fai ó galego, foi realizada por Manuel Outeiriño, encargado tamén de realizar a pequena introducción que a acompaña.

Wallace Stevens, contemporáneo da Xeración Nós, naceu en Pennsylvania en 1879 e morreu en Hartford (Connecticut) en 1955. Cando escribiu *Unha tarde corrente en New Haven* andaba ó pé dos setenta anos. O poema publicouse por vez primeira nunha escolma británica da súa obra. Esa primeira versión tiña só once cantos, en troques dos trinta e un que ofrecemos e que fan de *Unha tarde calquera en New Haven* o segundo poema máis extenso do grande anovador estadounidense. Unha das diferencias entre as dúas versións é que o canto final da primeira, daquela undécimo, é o vixésimo noveno da definitiva. Harold Bloom dixo que os vinte cantos engadidos son unha caste de comentarios ou expansións dalgúns dos once iniciais. As divisións da versión final poden, logo, agruparse segundo a primeira versión de once cantos, tendo en conta que o primeiro de cada grupo mantivo a posición da secuencia orixinal, agás o final e undécimo. Velai a correspondencia: 1 (I-V), 2 (VI-VIII), 3, (IX-X), 4 (XI), 5 (XII-XV), 6 (XVI-XXI), 7 (XXII-XXVII), 8 (XXVIII), 9 (XXX), 10 (XXXI), 11 (XXIX).

Stevens dixo nunha das súas cartas, editadas por Holly Stevens que neste poema o seu interese fora “chegar todo o preto do ordinario, do lugar común e do feo que lle sexa posible a un poeta. Non é cousa da horrible realidade, senón da pura realidade”. Mestre Bloom indicou que o epígrafe do poema podería se-lo primeiro parágrafo do ensaio *Círculos* de Ralph Waldo Emerson. Un entende que o “con todo, con todo, con todo” da primeira estrofa anda perto do “et, et, et...” indicado por Gilles Deleuze nas primeiras páxinas de Mil Plateaux.

Stevens escribiu, sen menciona-la noción de “forma do contido” desenvolvida na teoría, lingüística de Hjelmslev, que o francés e o inglés son a mesma lingua. Quizais por iso non puxo en itálicas as palabras francesas que aparecen no poema. Pomos por caso *clou*, que vén singificando alegoricamente fixación ou “punto de grande interese”. Por conta do francés, Stevens inventou a fermosa palabra *tournamonde*, que non sei se arestora andará nos dicionarios (hai moitos e van caros). Da verba *tournamonde* dixo o autor nas cartas editadas por Holly Stevens: “pre min, crea a imaxe dun mundo no que as cousas dan voltas e élogo palabra apropiada para a colocación de pedir e poder”. No orixinal inglés hai outras chiscadelas léxicas románicas, pomos por caso a palabra primavera na stanza decimoquinta, e a italiana *inamorata*. Coido que foi esa efusión románica de Stevens o que provocou esta versión galega.

Harold Bloom comentou o canto XXIII no libro *Poetry and Repression* e o poema todo no excelente *Wallace Stevens. The Poems of Our Climate*. Indícanse neses ensaios as resonancias doutros poemas de Stevens en *Unha tarde corrente en New Haven*. Por mor explicacións de Bloom, cabe dicir que quizais a cerna intraducible deste longo poema sexan estas palabras do trixésimo canto: “*This endlessly elaborating poem/ Displays the theory of poetry, /As the life of poetry*”.

Fredric Jameson escribiu hai pouco: “seguramente o que caracteriza a postmodernidade na área cultural é a abrogación de todo o que cae fóra da cultura comercial, a correspondente absorción de tódalas formas de arte (quer grande, quer vulgar) xunto coa propia produción de imaxe”, por iso é que agradezo a Revista das Letras o convite a publicar este vello poema de afán innovador, vangardista ou modernista (quere dicir, non postmoderno). Chámenlle como queiran, mais léano empezando por VI, e tendo en conta que quizais todo o poema non sexa máis cá contraparte do outro excelente poema de Stevens, *Descrición sen lugar do libro Transporte ó verán*. Vale, feliz inverno.

m.o.

I

A versión clara do ollo é cousa á parte,
vulgata da experiencia. Disto,
unhas cantas palabras, con todo, con todo, con todo...

en canto parte da meditación infinda,
parte da cuestión que é, ela propia, un xigante:
¿De qué se vén compoñendo esta casa, se non é do sol,

estas casas, difíciles obxectos, dilapidadas
aparencias de qué aparencias,
palabras, versos, non significados, non comunicacións,

cousas escuras sen dobre ningún, ó cabo,
de non ser que veña outro xigante mata-lo primeiro –
un supoñer recente da realidade,

moi similar a un novo parecido do sol –
pingante, manantio e inevitable,
un poema máis grande pra un público máis grande,

como se as medas vellás se xuntasen nunha,
mitolóxica forma ou esfera festiva,
grande colo, ser e experiencia, vivo coa idade.

II

Suponde que estas casas están compostas de nós propios,
viran entón cidade impalpable, chea
de campás impalpables, transparencias de son,

a soar en moradias transparentes do eu,
habitacións impalpables que parecen moverse
no movemento das cores da mente,

o lume distante a fluír e as finas campás cónicas
a xuntarse nun senso no que se nos pondera,
sen atención ó tempo ou sitio no que estamos,

na referencia perpetua, obxecto
da meditación perpetua, punto
do permanente, amor visionario,

escuro, en cores quer do sol,
quer da mente, incerto nas campás máis claras,
bota a falar o espírito, o indefindo,

sonoridades e iluminacións confusas,
tanto coma nós, non podemos contar independentemente delas
a idea e o ser portador da idea.

III

Sonvo-lo mesmo o punto de visión e o desexo.
Pregámoslle o heroe da media noite
un penedío outeiro para facer del beau mont entón.

Se é a miseria o que arrabea o noso amor,
se a negrura da noite segue a brillar no beau mont,
entón, o santo máis antigo prende coa máis antiga das verdades,

vén dicirnos que preto da santidad anda logo a vontade,
e que preto do amor anda o desexo de amor,
e o desexo de acougo celestial no corazón,

que nada frustrar pode, a cousa máis segura
non coma o amor en posesión do que tiña
que se posuír e é. Non pode este

posuír. É desexo, metido fondo no ollo,
por tras de todo verdadeiro ver, na escena verdadeira,
na rúa, nun cuarto, na alfombra ou na parede,

sempre polo baleiro que habería de encherse,
en negación que non se dá contido o sangue,
peza de porcelana, como tamén aínda nas meigas.

IV

A máis clara das cousas claras todas é o salvaxismo,
por exemplo: claridade final de quen loitou
contra a ilusión e foi, en grande apuro

de renxer de dentes, e cae á noite, despezado
polos obesos opiáceos do sono. Os homes claros en cidades claras
non son precisos sobre o apazugamento que lles cómpre.

Só saben que certo acougo berra
con voz salvaxe; nese berro escóitanse
eles propios transpostos, mudecidos e reconfortados

en harmonía salvaxe e sutil e sinxela,
disputa e cópula de acordes sorprendidos,
en resposta a un contrario adiviñador.

Tan leirá primavera venenos da castidade do inverno.
Entón, despois do verán, no aire do outono,
vén o volume frío de esquecidas fantasmas,

lenemente, con instrumentos agradables,
tal frío, entón, conto infantil verbo do lazo,
parece coma un lustre de calor romantizada.

V

Romance inevitable, inevitable opción
de soños, desilusión en canto derradeira desilusión,
realidade a xeito de cousa que ve a mente,

non aquilo que é senón o que se aprehende,
espello, un lago de reflexos nun cuarto,
cristalino océano deitado á porta,

grande cidade pendurada dunha sombra,
nación enorme feliz cun estilo,
todo tan irreal coma pode selo o real,

no ollo inexistente. ¿Por qué investigar, logo,
quén dividiu o mundo, qué empresario?
Home ningún. O eu, crisálida dos homes todos

dividiuse no lecer do día triste
e máis, nas agromadas de despois do día. Unha parte
seguíu lixeira con tenacidade cara a terra común

e outra saíu da terra meoga ó ceo mogo,
e en cadansúa extensión aluarada na mente
procurou toda canta maxestade puido atopar.

VI

A realidade évo-lo principio, non a fin,
Alfa espida, non Omega hierofante
de investidura mesta, con vasalos luminosos.

Évo-lo infante A téndose sobre as pernas infantes,
non é o Z torto, ecanabouzado, polimático,
o que sempre se axeonlla nos bordos do espacio

en percepcións macías das súas distancias.
O Alfa teme os homes ou tamén os homes Omega
ou tamén as súas prologacións do humano.

Os caracteres estes andan arredor nosa no escenario.
Para un é abondo, para o outro non;
para ningún dos dous hai absentia profunda,

visto que ambos a dous indican eles propios a elección
custodios da gloria do escenario,
intérpretes da vida, inmaculados.

Velaí, entón, a diferenza: na fin e no camiño
cara a fin. O Alfa segue a comezar.
refréscase o Omega con cada fin.

VII

En presenza de tales capelas e de tales escolas,
os arquitectos empobrecidos parecen ser
moito máis ricos, máis fecundos, deportivos e vivos.

Os obxectos formigan e o espectador móvese
cos obxectos. Por parte, o espectador tamén se move
con cousas menores, con cousas exteriorizadas

dos ríxidos realistas. É como se
os homes se fixesen cousas, como en comedia,
é como se parasen, vestidos de símbolos antigos, por mor de despregar

a verdade sobre eles propios, perdido, por ser cousas,
o poder de agachar que tiñan por ser homes,
non puramente en canto fondura senón en canto altura

tamén, non puramente en canto lugar común
senón, tamén, en canto o que lles era milagroso,
cántigas de mañás e mundos novos,

as cabichas da cantada do galo, apasteladamente rosadas,
en canto aquilo que era increíble vira
en contornos neboentos, outra vez día crible.

VIII

Guindámonos, continuamente degorantes, nesta forma.
descendemos á rúa e inhalamos certa saúde do aire
para os nosos buratos sepulcrais. O amor do real

é mol en tres por catro fragancias esquinadas
de cinco por seis follas esquinadas, e verde, o sinal
para o amante, e triste, coma tal do secreto lugar

na cor anónima do universo.
Évo-lo alento noso coma o elemento desesperado
que temos que acalmar, a orixe dunha lingua nai

coa que falarlle, aquilo que é capaz
na brétema da extranxeiridade, a sílaba
de recoñecemento, confesión, berro exaltado,

o berro que contén o seu contrario dentro,
alá onde se mesturan sentimentos e olladas
cando unha reposta ben lixeira modifica a cuestión,

non de todo falada nunha conversa entre
dous corpos nas súas falas desencarnados,
crebadizos de máis, inmediatos de máis para fala ningunha.

IX

Seguimos a voltar e voltar
ó real: ó hotel malia os himnos
que lle caen dende o vento. Procuramos

o poema da pura realidade, intacta
de tropo ou desviación, dereito á palabra
dereito ó obxecto paralizante, ó obxecto

no punto máis exacto no que é el propio,
paralizante por ser puramente o que é,
visión de New Haven, digamos, a través de certo ollo,

o ollo que se acalara da incerteza, coa vista
do simple ver, sen reflexión. Non procuramos
cousa ningunha alén da realidade. Dentro dela

as cousas todas, a alchemicana do espírito
incluída, o espírito que anda arredor e de cabo
a rabo incluído, non puramente o visible,

o sólido, mais móbil, o intre,
o vir das festas e hábitos de santos,
o modelo dos ceos e mailo aire da noite, alto.

X

Évos fatal na lúa e alí baleiro.
De por parte eiquí, allons. A enigmática
fermosura de cada enigma fermoso

vira amoreada nunha pasaxe de contradicións total.
Non sabemos qué é real e qué non o é.
Da lúa dicimos que a enfeitizou o home

de bronce que recuperou o tino e, daquela, morreu.
Non somos nós homes de bronce nin estamos mortos.
O seu espírito está encarcerado no cambio constante.

Nembargante, o noso non está encarcerado. Reside
na permanencia composta da permanencia,
na lealdade como contra o luar,

por iso son a mañá e o serán atal as promesas mantidas,
por iso o sol que se vén achegando e maila súa chegada,
a súa festa ó seran e o festival seguinte,

esta lealdade á realidade, este modo,
esta tendencia e termar venerable
dá alucinacións ledas na superficie.

XI

Nas rúas metafísicas da física cidade
lembramo-lo león de Xudá e aforramos
a frase... Digamos que calquera león do espírito

é un león de lustrosa transparencia
que brilla con nocturno brillo e só.
O gato grande ten que se ter forte ó sol.

Frouxa, exténdese a frase. O feito colle a forza
da frase. Trama as evocacións de si propia
e Xudá convírtese en New Haven ou tería que ser así.

Nas rúas metafísicas, as formas máis profundas
marchan co camiñante sutilmente camiñando alí.
destrúeas el con sopros de espertar,

libre da maxestade delas e, malia todo, necesitado
da maxestade, dun clou invencible,
na mente un mínimo de compostura,

verdade dos homes máis veraces,
o propor doce meses e catro estacións.
a brillantez na central da terra.

XII

O poema é o pranto da ocasión,
parte da res el propio e non verbo dela.
O poeta di o poema tal como é,

non como foi; parte da reverberación
dunha noite ventosa tal como é, cando as estatuas marmóreas
sonvos como xornais levados polo vento. Fala

por vista e intuición tal como son. Non lle hai
mañá. Pasará o vento,
voltarán as estatuas ser cousas por aí.

O móbil e o inmóbil a fluctuar
na zona entre é e foi son follas,
follas luídas en luídas árbores outonizas

e follas en remuíños nos regueiros, remuíños
por todas partes, parecidos á presenza do pensar,
parecidos a presencias de pensamentos, como se

ó cabo, na psicoloxía toda, o eu,
a cidade, o tempo, un lixo ventureiro,
xuntos, dixeran que as palabras do mundo son a vida do mundo.

XIII

O éfebo vai soedoso de paseo.
Le por riba o xornalismo de asuntos, procura
as prebendas da santidade, goza

de mente forte en veciñaza feble e é
un home serio sen o serio,
inactivo no seu respecto singular.

Non é cura nin censor do serán,
so as aves, entre as curuxas perigosas,
no grande X do primitivo que retorna.

é un fresco espiritual que el define,
certa frialdade na mornura constante de máis, longa,
unha cousa na beira dunha casa, non metida non fondo dunha nube,

unha dificultade que fundamos:
dificultade do visible
para as nacións do claro invisible

paisaxe verdadeira cos cornos verdadeiros
do panadeiro e mais do carniceiro a soprar, coma se oír,
oír forte a penas, chegase a certa integridade esencial.

XIV

O alcolito seco procura a deus na nube de chuva.
O profesor Alcolito de New Haven procúrao
en New Haven cun ollo que abofé non mira

alén do obxecto. Senta na súa habitación, de par
da fiestra, preto do chafarís escangallado no que
cae a chuva con son escangallado. Procura

a deus no propio obxecto, sen moita escolla.
É unha escolla do adxectivo espacioso
para o que ve, vén ser ó cabo isto:

a descrición que o fai divinidad, aínda fala
segundo toca o punto de reverberación -non dura
realidade, mais realidade duramente vista

e falada en parolada paradisiaca, nova
e en ningún caso dura, dureza humana
que vos é unha parte da indiferencia do ollo

indiferente ó que ve. O tin-ton
da chuva sobre o chafarís non é substituto ningún.
É da esencia do aínda non ben percibido.

XV

Gárdase el da chuva repugnante
por un instinto para a terra seca, o eu
do seu eu, vénlle sobre amplas excavacións de ás.

O instinto para o ceo ten a súa contraparte:
o instinto para a terra, pra New Haven, prá súa habitación,
o ledo tournamonde dun mundo singular

no que el está e pedir e poder é a mesma cousa.
De contraparte veu coma un contrapunto
a fastidia-los húmidos mergullos do chafarís.

Seguiu caendo a chuvía sonorous nas árbores
e no chan. O escuro invernal que colgou
na primavera, a sombra de rocha espida,

vira a rocha de outono, lucinte,
fonte ponderable de cada imponderable,
carga que erguemos co dedo dun soño,

pesadez que alixeiramos nós por vontade lixeira,
pola man do desexo, tenue, sensitivo, o suave
toque e o problema do toque da man verdadeira.

XVI

Entre as imaxes do tempo, non hai ningunha
deste presente, a venerable máscara sobre
a dilapidación das dilapidacións.

O día máis vello e máis novo é o máis novo só.
A noite máis vella e máis nova abofé que non renxe,
con lanternas, coma unha antigüidade celestial.

Caladamente ondea dende o mar o seu soño de mocidade
(o de Oklahoma) o azul italiano
alén do horizonte co seu masculino,

os ollos están pechos, en conferencia moza de labios,
e malia todo o vento xeme á maneira vella da idade vella
no noite occidental. A venerable máscara,

nesta imperfección, fala ocasionalmente
e vén escoitarse algo da pobreza da morte.
Debería ser esta a cara máis conmovedora da traxedia.

É unha ponla na luz eléctrica
e exhalacións nos beirís, tan pequenas
para indica-la esfolia total

XVII

A cor é case a cor da comedia,
enteiramente non. Vai ó gran e no gran,
falla. A forza no centro évos seria.

Quizais en troques de fallar rexeita
igual cá forza sería rexeita a lacazanería formigante,
subxaz un branco ás probas do artificio.

O branco dominante, o inacadable.
Tal é o espello do serio elegante:
azul enverdecido ata se facer símbolo fachendoso de damasco,

os alivios do ouro e o chiscar e as fluctuacións do fío
e o esgarabellar de cinchos e as luces de pedras comúns,
coma as benditas trabes tiradas dunha bendita mata

ou estragadas figuracións de estragos
da noite, tempo e maxín,
salvo e agradecido, con vestido de lóstregos.

estes ditos idóneos son, tamén, de traxedia:
a reflexión sería non se compón
nin do cómico nin do tráxico, senón do lugar común.

XVIII

É a fiestra o que fai difícil
dicirle adeus ó pasado e vivir e estar
no presente estado de cousas, digamos que como a pintar

no estado presente da pintura e non no estado
de hai trinta anos. É ollar
pola fiestra e ir pola rúa e ver,

como se os ollos fosen o presente ou parte del,
como se os oídos oísen algún son sorprendente,
como se vida e morte fosen sempre físicas.

A vida e morte deste carpinteiro dependen
do fucsia nunha lata -e iridiscencias
de pétalos que nunca se farán,

cousas que aínda non chegan a verdade, percibeas el por medio da
verdade,
ou pensavos que o fai, segundo vai percibindo o presente,
ou pensavos que o fai, iridiscencias dun carpinteiro,

de madeira, modelo pra aprendices astrais,
cidade que se guinda coma caixa de ferramentas,
o exterior excéntrico do que vén falando o reloxo.

XIX

Saíu a lúa na mente e cada cousa alí
recolleu cada aspecto radial da noite,
prostrada perante a singularidade da súa vontade.

O que era verde público fíxose gris privado.
Noutro tempo, o aspecto radial veu
de fonte diferente. Con todo, había sempre unha:

un século en que todo era parte
dese século e mais do seu aspecto, un personaxe,
un home que era o eixo do seu tempo,

unha imaxe que acadara as infantís de seu,
polos imaxinarios dos que a intelixencia
fixo correr as súas urbanidades por enriba do caos.

¿Cal é o aspecto radial deste lugar,
verdadeira colonia dunha colonia
de colonias, certo senso no senso cambiante

das cousas? Unha figura coma a do Eclesiástico,
ríspida e luminosa, canta no escuro
un texto que é resposta, aínda que escura.

XX

As imaxinativas transcricións éranvos coma nubes,
hoxe; e as transcricións dos sentimentos, imposibles
de distinguir. A cidade era un refugallo,

un neutro desprenderse de formas no absoluto.
Con todo, permanecen as transcricións de cando era triste;
e as formas que colleu en sentimento, as persoas

nas que se converteu, os caracteres revoantes, anónimos
(camiñan aínda eses actores por un solpor que enmudece os versos).
pode ser que se fundan, nubes e homes, no aire

ou na rúa ou perto dos recantos dun home
que senta a matinar nos recantos dun cuarto.
Nesa cámara, a esfera pura foxe do impuro,

porque foxe o propio pensador. Con todo
a evasión das nubes e dos homes déixao
feito ser un e de vontade núa

con todo por facer. Pode evadirse
mesmo da súa propia vontade e na súa nudez
habita a hipnose desa esfera.

XXI

Pero non pode. Non se pode evadir da súa vontade,
nin das vontades doutros homes; nin se pode evadir
da vontade da necesidade, da vontade das vontades-

romanza que naceu da illa negra do pastor,
igual có son constante da auga do mar
no oído do pastor e nas súas formas negras;

fóra da illa, pero non dunha illa calquera.
Hai outra illa preto dos sentidos
e alá os sentidos dan e nada piden,

o oposto a Citerea, un illamento
no centro, o obxecto da vontade, este lugar,
as cousas arredor -a romanza alterna

das superficies, as fiestras, os muros,
tixelos que viraron crebadizos na pobreza do tempo,
o claro. Un modo celestial é sobranceiro

só con que as ponlas se abaneen coa chuva:
as dúas romanzas, a afastada e a próxima,
sonvos unha voz só no asubío e rexoubra do vento.

XXII

O profesor alcolito dixo: "A procura
da realidade é tan transcendental
coma a procura de deus." É a procura do filósofo

dun interior feito exterior
e a procura do poeta dese mesmo exterior
feito interior: cousas sen folgos ameazadoramente a coller folgos

entre as inhalacións do frío orixinal
e da orixinal condición primeira. Aínda que o sentido
do frío e maila condición primeira é sentido diario,

non predicado da brillante orixe.
A creación non se renova por imaxes
de vagamundos soedosos. Re-crear, usar

o frío e condición primeira e orixe brillante
é procurar. O mesmo que dicir da estrela vespertina,
a máis antiga luz no ceo máis antigo,

que é enteiramente unha luz interior, que brilla
dende o colo somnolento do real, re-crea,
procura un posible pra súa condición de posibilidade.

XXIII

O sol é a metade do mundo, metade de todo,
a metade incorpórea. Sempre hai esta metade incorpórea,
esta iluminación, esta elevación, este futuro

ou, díganos, as derradeiras cores dese pasado,
verde esgotado, muller de cachemira negra.
Entón, se New Haven é media sol, o que resta,

ó solpor, despois do escurecer, é a outra metade,
iluminada polo espacio, grande sobre os que durmen,
do futuro único da noite, o sono único,

coma dun son inevitable, longo,
unha caste de son do se acomodar e dos mimos,
e da bondade de se recostar nun son materno,

descoitado dos varios, separados, eus do día,
ser unha parte en todo xunto nun.
en tal identidade, os desencarnamentos

acontecen aínda. O que é, incertamente,
degaro prolonga a súa aventua pra crear
formas de despedida, furtivas entre os fentos verdes.

XXIV

As consolacións do espacio son cousas anónimas.
Foi despois da neurose do inverno. Foi
no xenio do verán cando ampliaron

a estatua de Zeus entre as nubes tonantes.
Levou o día todo acalma-lo ceo
e volver encher logo o baleiro,

por iso ó bordo da tarde, non rematada,
antes que o pensamento da tardiña ocorrese
ou de que se fixese o son de Incomincia,

houbo unha clareira, unha disposición prás primeiras campás,
unha abertura para a efusión, e ergueuse a man:
había unha disposición aínda non concluínte,

un saber que algo certo se propuxera,
algo que, sen a estatua, sería novo,
unha fuxida da repetición, un acontecemento

no espacio e no que a ambos a dous tocou á vez
e por igual, un punto do ceo ou da terra
ou dunha vila ecuaníme no fonal do horizonte.

XXV

Chantouno a vida, vagando na escaleira de cristal,
cos ollos ben atentos. Segundo estaba,
no balcón, calibrando as distancias

houbo olladas que aínda o colleron do aire baleiro.
C'est toujours la vie qui me regarde...Foi
quen o vixiou, sempre, por pensamento desleal.

Sentou a tal de par da súa cama, coa guitarra,
para libralo do esquecemento, sen palabra ningunha,
unha ou dúas notas a descubri-lo que era.

Nada relativo a el foi sempre o mesmo,
excepto este hidalgo e o seu ollo e canción,
o chal por riba dun homeiro e o sombreiro.

O lugar común converteuse nun chafar brasóns.
O que era real fíxose cousa do máis irreal,
espida árbore esmoleira, dobrada moi abaixo por vermello afroitado

en momentos illados -os illamentos
éranvos falsos. O hidalgo era permanente, abstracto,
unha eclosión que ollou de fite e pediu unha ollada de resposta.

XXVI

Con qué facilidade as erupcións de púrpura caeron
no paseo, púrpura e azul, en dourado e vermello,
florecente, brillante, dando profundidade ás cores.

Lonxe del, cabos, ó longo do Estreito da tarde,
bateron na mariña súa escura en luz de lapislázuli.
O mar esterreceuse en cambio transcendente, ergueuse

coma chuvia a retumbar, brillar, soprando, varreu
a acuosidade do verde húmido no ceo.
Saíron montes de máis elocuencia

cá das nubes. Foron tales liñamentos a terra,
vista a xeito de inamorata, famosa por amar
sumada unha vez e outra a un corazón cheo de fama...

con todo, aquí, a inamorata, sen distancia
e daquela perdida, e espida ou en farrapos
engruñada na pobreza de estar pecha,

toca, coma toca unha man outra man,
ou coma unha voz que, falando sen forma,
enchéndono-lo oído de area, salouca acougo humano.

XXVII

Un académico, nos seus Segmenta, deixou unha nota,
velaí, "O Rexedor da realidade,
é máis irreal que New Haven, non é

rexedor verdadeiro, pero rexé o que é irreal."
amais, había esbozos del, eis:
"É o consorte da Raíña do Feito.

o abreinte é bordo do vestido seu, o solpor é o dela.
El é o teórico da vida, non da morte,
a excelencia total do seu libro total."

Outrosí: "A sibilancia das frases é súa
ou parcialmente súa. A súa voz é audible,
coma a anticipación do sentido na música." Outrosí:

"Este home, por ser él, abole
o que non somos nós: a regalía,
atribucion, a pluma e mailo helmo-ei!"

Outrosí: "Pensouno, e pénsao
segundo foi e é, coa Raíña
do Feito, ándavos ó seu aire beira do mar."

XXVIII

Se debe ser verdade que a realidade existe
na mente: a fonte de latón, a fatía de pan posta nela,
a navalla de gume longo, o pouco de beber e a súa

misericordia, conclúese logo
que o real e o irreal son dúas cousas nunha: New Haven
denantes e despois de que un chegue alí, ou, digamos,

Bérgamo en postal, Roma tralo solpor,
Suecia descrita, Salzburgo con ollos sombrizos
ou París de conversa nun café.

Este poema a dar explicacións infindamente
expón a teoría da poesía,
a xeito de vida da poesía. Un máis severo,

máis persecutor mestre extemporizaría
máis sutilmente, máis urxente proba de que a teoría
da poesía é a teoría da vida,

e é, nas intrincadas evasións do como,
nas cousas vistas e non vistas, creadas da nada,
os ceos, os infernos, os mundos, as terras degoradas.

XXIX

Na terra dos limoeiros, marelo e marelo eran
marelo-azul, marelo-verde, punxente de saíba de limón,
Bambeándose e cheos de abelorios, os chíos dos zenzotles.

Na terra dos ulmeiros, mariñeiros errantes
ollaron para mulleres grandes, de imaxes coloradas, maduras,
que se engirlandaron volta e volta e volta arredor do outono.

Enrolaron os erres de seu, alí, na terra dos limóns.
Na terra dos grandes mariñeiros, as verbas que faloron
eranvos puros terróns pardos, puras algas da fala apegañentas.

Cando ó cabo chegaron á terra dos limóns,
os mariñeiros, na atmosfera loira, fortemente bronceada,
dixeron: "Volvimos outra vez á terra dos ulmeiros,

pero dobrados, dados volta." Era o mesmo,
de non ser polos adxectivos, unha alteración
de palabras que foi cambio de natureza, máis

do que a diferenza debida ás nubes sobre unha cidade.
os paisanos cambiaran e tamén cada unha das cousas constantes.
As súas verbas de cores escuras redescubriran os limóns.

XXX

A derradeira folia que ía caer, caeu.
Os paporroibos andan là-bas, os esquíos, en buratos das árbores,
na sabencia de esquíos amoréanse.

O silencio do vran levouno o vento.
Roxe alén do horizonte ou polo chan:
na lama so as pozas, onde adoitaba reflectirse o sol.

O ermo que aparece é unha demostración.
Non é parte ningunha do que está ausente, un alto
para despedidas, un decorado triste prás lembranzas.

Évos un ir e vir.
Piñeiros que vos eran abanos e fragancias emerxen,
chantados firmemente nun loitar a lufadas coas pedras.

O cristal do aire faise un elemento
(era algo imaxinado que se esborrara
retornou certa claridade). Fica restaurada.

Non é unha claridade baleira, unha visión sen fondo.
É a visibilidade do pensamento,
Na que centos de ollos, nunha mente, ollan á vez.

XXXI

Os significados menos lexibles dos sons, as pequenas formalidades
adoito non feitas, as máis leviáns palabras
no pesado tambor da fala, os homes internos

por tras dos escudos exteriores, as follas de música
entre os golpes de remo do trono, as candeas apagadas na fiestra
cando chega o día, a ardentía no se mover do mar,

golpiños da mixiricada á mixiricadiña
e a axitación xeral dos bustos de Constantino
ós fotógrafos do derradeiro presidente, señor Branco,

son tales os cortes e medidas da forma final,
os labores de enxamiar das fórmulas
da declaración, que directa e indirectamente leva,

coma unha tardiña a evoca-lo espectro da violeta,
un filósofo a ensaiar escalas no seu piano,
unha muller a escribir unha nota e rachala.

Non está na premisa que a realidade sexa
sólido ningún. Pode ser unha sombra que atravesa
unha poeira, unha forza que atravesa unha sombra.

ral

revista das letras 449

Lecturas do natal

ral

Apresentação de O Corvo, de Edgar Allan Poe, por António López
Tradução de António López
Tradução de António López
Tradução de António López

Algo e alguén espera do outro


lado dun libro

NAS LIBRERÍAS GALEGAS FÁLASE DO DESASTRE DO OUTRO PRESTIGE: CÓMO DESENCADEARÁ NOVAS EDICIÓNS NO MERCADO DO LIBRO GALEGO, CÓMO TINXIRÁ XÉNEROS OU CÓMO REMEXERÁ O ENSAIO –ANQUE TAMÉN A NARRATIVA, A POESÍA...– OU MESMO DE CÓMO SE ESTÁ PENDENTE DA PUBLICACIÓN, QUE XERAIS E ESPIRAL MAIOR SACARÁN Á RÚA O VINDEIRO ANO, CUNHA ESCOLMA DE POETAS VOLVENDO SOBRE O ‘¡NUNCA MÁIS!’. PERO TAMÉN SE FALA DE QUE O CHAPAPOTE CHEGA A TODO E A TODOS, DE QUE EN NADAL SEMPRE SE NOTA A SUBA NAS VENDAS E DE QUE, NESTE ANO, NON SE PODE DICIR QUE HAXA UN FORMATEADO MODELO BEST-SELLER NOS ANDEIS. ANQUE MANUEL RIVAS SEXA –XA O FOI O ANO PASADO COA ‘MAN DOS PAÍÑOS’– A BAZA MÁIS FIRME DE XERAIS NA CAMPAÑA DE NADAL, GALAXIA VERTE NO MERCADO UN COIDADO ABANO DE OPCIONS: DENDE O ‘HARRY POTTER’ EN GALEGO ATA O BRILLANTE DEBUT DE UNAI ELORRIAGA CON ‘UN TRANVÍA CARA A SP’ CO QUE GAÑOU O NACIONAL DE LITERATURA. O OLLLO QUE LE TRANSGRIDE, IDEALIZA E MODIFICA PORQUE NIN LECTOR OU LECTORA NIN LIBROS SON NEUTRAIS. E SE Á PROPIA SUSAN SONTAG LLE GUSTARÍA “SER TAN INTELIXENTE COMO OS SEUS LIBROS” NA MESMA MEDIDA MONTSE RATOIR AVANZA UN CONCEPTO DE LECTOR/LECTORA COMO O QUE “POSÚEN AS PALABRAS E DESAFÍA A FINITUDE, ACEPTA A SORDIDEZ E A BELEZA PORQUE TODO É UN, E, SOBRE TODO, RECORDA PORQUE ANTES ALGUÉN RECORDOU”. E CONTINÚA: “Ó FINAL DO LONGO E LENTO PROCESO DA ESCRITURA, DESCUBRIREMOS QUE HAI ALGO, QUE HAI ALGUÉN, Ó OUTRO LADO, QUE AÍNDAA LATEXA, QUE AÍNDAA EXISTE”.



As ‘Concubinas’ de Inma López Silva

Pese á súa xuventude, Inma López Silva posúe unha traectoria que a converte nunha das máis apreciadas narradoras galegas e o Premio Xerais que recibiu este ano por *Concubinas* confirmouna nese punto, xa irreversible, das grandes esperanzas. *Concubinas*, un dos lanzamentos de Xerais para o Nadal, é unha obra complexa na que López Silva vai esfaragullando sucesivas sucesións de mulleres. Para o crítico de rEVISTA DAS IETRAS, Martínez Bouzas, esta novela posúe abondos atributos en todos os seus niveis. Todo nesa obra mestura, saltando dun período a outro sen aviso, sen solucións de continuidade, para mergullar o lector nas peripécias vitais, nos amores, nas miserias e nas vinganças que agroman no seo dunha familia. Como decorado, un tempo de guerra e violencia e tamén tempo de paz e unha arela insaciable de liberdade. Todo isto require unha gran dispoñibilidade temporal e unha verdadeira grea de personaxes secundarios para encher os días e os anos destas tres mulleres, os seus sonhos, as súas teimas, os seus pánicos e obsesións. Unha peza narrativa moi rica intrincada, un libro escrito nun estilo potente e coitado; unha novela á vez fermosa e complexa estrutural e tematicamente que esixe que entoremos no xogo de sermos verdadeiros lectores activos. Soamente entón gorentaremos co sabor e o calado inmenso da escrita que agacha a autora nesta novela.




Unai Elorriaga, un brillante debut

En Euscadi, os montañeiros son considerados unha especie de heroes e as súas xestas son seguidas con expectación polos bascos coa mesma forza que se segue unha liga de fútbol. Tal vez esta é a razón pola que Unai Elorriaga elixiu a figura dun vello que desexa ardentemente subir o SP, iniciais dun dos picos que superan os oito mil metros na cordilleira do Himalaia: o Shisha Pangma. O libro titúlase *Un tranvía cara a SP* e con el, Elorriaga gañou a última edición do Premio Nacional de Literatura, iso a pesar de estar escrito en éuscaro, unha lingua que ata agora tiña só un nome con auténtica dimensión internacional: Bernardo Atxaga. Unai Elorriaga, con só 29 anos, amplía o horizonte e faino cunha novela engaiolante. Aparece en galego antes que en castelán e faino con tradución de Ramón Loureiro. O propio Elorriaga coñece a lingua galega e foi traductor dalgúns autores –Marilar Aleixandre, entre eles– ó basco. Peza innovadora, de prosa áxil e narración sucada de imaxes contrapostas e dimensións espaciais de rápida e profunda descrición, *Un tranvía cara a SP* é unha demostración de cuántas vías quedan aínda por explorar na literatura para crear mundos que, callados de tenrura, poden tamén transmitir a intensidade da reflexión. Con oito edicións xa no mercado basco, o libro de Unai Elorriaga está chamado a ser un dos grandes éxitos editoriais desta temporada. A súa lectura non decepcionará.




Manuel María, desde a óptica total

Convertido en auténtico libro do ano, con numerosos premios, entre eles o da Crítica Galega, a *Poesía Completa* de Manuel María foi unha das grandes apostas de Espiral Maior para esta temporada e, sen ningunha dúbida, o esforzo pagou a pena para presentarlles ós lectores unha das líricas que máis pegada imprintou na poesía galega dos anos sesenta e setenta. Unha cuidada edición e unha esixencia editorial da que se encargou o propio director da editorial, Miguel Anxo Fernán Vello, permiten que este libro (un volume dobre) non perda vixencia algunha para ser o regalo idóneo do nadal. É, ademais, unha oprotunidade para obter unha perspectiva ampla da poesía do poeta chairego e dos variados rexistrou que tocou na súa xa longa traxectoria de amor, combate e metros intimistas. Desde aquel *Muiñeiro de brétemas* que abriu a escura postguerra, por vez primeira, á lírica en galego, a obra de Manuel María amosa a súa poderosa ductilidade e habilidade dun poeta que non se conformou con usar as canles do clasicismo —o soneto é o eixe dunha parte significativa dos seus poemas— senón que buscou constantemente a renovación da súa poesía para adecuala ós tempos da vangarda. Poemas que saben a terra e a pan recién sacado do forno, pero que tamén saben a sangue que abrolla do centro mesmo da existencia, cunha melodía que canta tanto ós máis cativos como ós máis vellos. Un libro que fará as delicias dos amantes do verso e da palabra.




Abanos de poetas

¿Pode a poesía ter outros soportes que non sexan o papel? Por suposto que si e, ademais, poden ser igualmente escritos. O reto fíxoo a galería Noroeste de Compostela, que o pasado verán convocou a diferentes poetas de diferentes xeracións para realizar unha exposición de abanos nos que os poetas escribisen ou gravasen os seus textos. O resultado foi unha completa colección de abanos-poema con nomes como os de Luz Pozo, Chus Pato, Pilar Pallarés, Lino Braxe, Xosé María Álvarez Cáccamo, Fernán Vello, Álvarez Torneiro ou Arturo Casas, nunha longa lista de propostas. Agora, a iniciativa recupéraa a editorial Follas Novas coa edición na súa colección *Libros da Frouma* dun libro que recolle todos os abanos e os textos incluídos na exposición. Nesta cuidada edición, da que se encargou Lufiis Alonso Girgado, reproducense os abanos a toda cor e, ó mesmo tempo, permiten descubrir auténticas marabillas, como a de Antón Reixa (*SOMOS / VENTO / ESPERANZA / PORTÁTIL*) ou o arrouto de Lino Braxe nese textos contundente: *a única patria pola que paga a / pena morrer é a / túa / cona*". Chus Pato, pola súa banda, reclama *"in-submisión pour femme"*, mentres Xohana Torres escribe: *"Nada volve no aire senón aire"*. Un libro para desfrutar coas imaxes, pero tamén para desfrutar da literatura e, sobre todo, para deixar evocar a maxia dun abano na man.




'O mono no espello': o mito do neno selvaxe

¿Ninguén pensou na sorte deses nenos que se perden na praia? O protagonista de *O mono no espello* é un solitario profesor obsesionado coas súas lecturas que ten información de primeira man ó rescatar do desamparo a un misterioso cativo que ninguén foi recoller á caseta de socorrismo coa chegada da bocanote. Revisión posmoderna do neno-selvaxe, este libro de Xabier López López que agora publica Sotelo Blanco é unha novela que mestura intriga, humor e obsesión existencialista pola miorada do outro, esa que "nos deforma e crea de novo a cada instante". Esta forza camaleónica, presente en toda a obra deste autor cala tamén na propia atmosfera da narración: o que comeza como observación case costumista, achegada mesmo ó voyeurismo, cobra paseniño un alento sonámbulo, abafante, para debuxar ós poucos unha xeografía fantasmagórica inzada de simbolismos. Sen embargo, neste xogo de reflexións e refraccións, de sombras chinesas, de aparencias, nese labirinto interior onde sopran de cando en vez os ventos do surrealismo e do absurdo, faise recoñecible unha realidade próxima e desalentadora. Porque esta novela non é só un relato a medio camiño entre o fantástico e o alegórico, o reencontro co noso eu máis oculto, senón unha desesperada, e por veces sarcástica disección dese casulo que o home de hoxe teceu ó seu redor para preservarse da derrota e da soidade. Con esta novela, Xabier López gañou o Premio Lueiro Rei do Concello do Grove.




'O embrión': Antón Risco en plena intensidade

Antón Risco foi unha das eminencias do relato fantástico. Non só de Galicia: tamén a escala mundial. E de "fantástica" pode cualificarse a peripecia que rodea *O embrión*, unha das múltiples novelas inéditas que Risco deixou ó morrer, en 1999. Porque estar morto e deixar a obra inédita non lle impediu presentarse ó concurso de narracións *Rubia Barcia* e gañalo, superando así calquera récord anterior e emulando ó Cid nas súas victorias despois de morto. ¿Como puido ser? A muller do escritor decidiu xunto a Arturo Lezcano presentar a obra ó premio e a sorte púxose do seu lado. *O embrión*, deste xeito, é unha das propostas de Galaxia para este Nadal e aparece dentro das primeiras ofertas que a editorial viquesa pon nos andeis baixo a dirección de Víctor Fernández Freixanes. A novela, unha das máis esperadas da temporada, desenvolve as obsesións características deste autor que mesturou a realidade e a fantasía ata conseguir un mundo de obsesións infrecuente na nosa literatura. Indo máis aló doutras pezas como *O Caso* ou *Os fillos do río*, Antón Risco deixou nesta peza ata agora inédita o seu mundo condensado e as súas obsesións máis ó descuberto e, ó mesmo tempo, máis engastadas nun tapiz de luces e sombra que acentúan a atmosfera intensa e cargada do seu traballo. Unha novela que non é —sen dúbida— para lectores fáciles pero apaixonante en canto se interna na súa lectura.



A irrupción da poeta Lupe Gómez nas letras infantís

Uxía acaba de nacer. Diante dos seus ollos, o mundo ábrese como un libro coas páxinas en branco. Para que empece a saber cómo é ese mundo ó que vén de chegar, a súa tía Lupe escribelle unha carta: *Querida Uxía* (colección Ala Delta da editorial Edelvives). Nela fállalle de Galicia e dos galegos e galegas, da vida familiar en Fisteus (o seu lugar natal en Curtis), dos soños, das alegrías e tamén dalgunhas penas porque, como entende a propia autora, “baixo o noso frecuente anhelo de retornar á infancia subxace case sempre a crenza de que para os nenos non existen os problemas”. É dende o inverso dende onde Lupe Gómez (Fisteus, 1972), unha das voces máis transgresoras da poesía dos noventa, debutou con *Querida Uxía* na literatura infantil e xuvenil. E faíno, como sempre que escribe, incidindo na súa vida como ese “triángulo contra o mundo” do que fala e que dende o nacemento de Uxía forman ela, a súa irmá e a poeta. Un discurso cheo de amor e ternura no que Lupe Gómez lle explica a pequena Uxía as cousas que lle preocupan: o feminismo, a relixión ou a familia que se simplifican coa metáfora ata acadar a comprensión dunha nena, que “non se pode sentir mal nin distinta por ser muller”; debe “ter un grande amor desde o principio polos seus” e evitar complexos como o que no seu día lle causou á súa tía falar galego. É unha carta coa que Lupe Gómez lle escribe á súa sobriña unha serie de consellos para superar o choque de descubrir o mundo.



Vaqueiro busca lector, tan activo como o novelista

“...pasando Maiakovski a postular o imperio da materia sobre todas as cousas, porque a materia enxendrou o Universo e as criaturas que dentro dos seus límites, os do Universo, suposto que o Universo teña límites, pervagan, abranxendo a noción de criatura a crianzas e adultos, mais tamén a palmípedos e seres insectívoros, aerólitos, cavorcos, raios gamma, enxurradas, gramíneas, furnas, vulcáns, sonetos, praias, mitocondrias, Adrián Solovio, Aquiles, Oliveira e a Mafa, melodías abxectas e crimes execrábeis, como os que Herminio Rotea executaba sobre os pequenos animais do contorno, seguía o testemuño de Antón Pousa, contido nunha libreta de capas verdeais e xaspeadas, que eu reinterpreto, copio, traduzo e traizo, como é a miña obriga de traidor rigoroso”. Será, se cadra, Víctor Vaqueiro ese traidor rigoroso que volve en *Os nomes da morte* (Galaxia, 2002) sobre a morte de Herminio Rotea, un galego emigrado no Brasil: feito arredor do cal xira esta novela, que se vai construíndo mediante os testemuños que deitan sobre o finado aqueles que o coñeceron. Este é o punto de partida dunha novela que, como quería Cortázar, apunta á creación “dun lector tan activo e batallador como o propio novelista”. “A renovación formal da novela—para empregar os seus termos—debe apuntar á creación dun lector tan activo e batallador como o novelista mesmo, dun lector que faga fronte cando sexa necesario, que colabore coa tarefa de estar cada vez máis tremendamente vivo e descontento”, recorda Vaqueiro nesta cita de ‘O escaravello de ouro’ do propio Cortázar. E con Cortázar, Sam Peckinpach, Maiakovski ou Günter Grass nunha novela cos nomes da morte.



Un oficio perdido e de muller en ‘As Lavandeiras’

Ten o valor da recuperación nunha dobre perspectiva: a dun oficio perdido e a dun oficio perdido exclusivamente de muller. ‘As Lavandeiras’ (Edicións A Nosa Terra, 2002) da profesora Mari Vega tenta restaurar unha parte da cultura popular a través das donas dos ríos ou das “damas habitadoras das nosas fontes”, como definira as lavandeiras o poeta Bouza Brey: un traballo que para a autora, gañadora coa investigación do Premio Xohana Torres que outorga o Consello de Santiago, sempre se moveu nas marxes da ignominia e a infravaloración. Eran mulleres de lingua libre que, por esa mesma razón, desataban o medo dos que por alí pasaban. Tamén medio demos, medio meigas. Coméntao, entre outros perfís esquecidos a propia autora: o seu labor foi duro e ben amargo. Mulleres de todas as idades pasaban horas enteiras en ríos, regatos e lavadoiros compartindo o frío, a humidade e o calor. Lavaban roupas que moitas veces nin siquiera eran súas, criaban os seus fillos e, á vez, tiñan que atender a casa e coidar da terra”. Precisamente unhas fotografías do Carme e do Hospital Vello de Compostela do arquivo duns amigos foi eixo do que partiu Mari Vega para seguirle o rastro ás lavandeiras e á estirpe de avoas, tías, nais, fillas que, de oficio, lavaban as roupas para as casas dos ricos ou para as pensións. É toda unha memoria que hoxe se rehabilita para construír o futuro. É tamén *As Lavandeiras*: lendas e imaxes das donas dos ríos, a memoria delas, sempre molladas.



‘Harry Potter’ en galego da man de Galaxia

Galaxia métese de cheo na publicación da serie completa da obra da escritora J. K. Rowling, traducida directamente do inglés ó galego pola escritora Marilar Aleixandre, cunha tirada inicial de catro mil exemplares do primeiro título: *Harry Potter e a pedra filosofal*. Unha tradución que se atopou con non poucos límites: moitos dos nomes, topónimos e alcumes que aparecen no máxico libro, non puideron acoller a súa forma en galego xa que Salamandra, a editorial que ten os dereitos de Harry Potter en España e coa que traballaron na publicación do libro, remitiu unha listaxe de termos que non se podían verter ó galego. O ‘Harry Potter’ de literatura infantil, dirixido a nenos e nenas de entre 8 e 16 anos, acadou a estas alturas éxito mundial indubidabel sendo traducido a 55 linguas e asentando o valor engadido de ser un libro que “se vende por impulso e non por prescrición dos centros escolares”. Anque con certo retraso, a coedição de Galaxia e Salamandra entrou na campaña de Nadal, coincidindo co tirón comercial da época e a estrea da película. E, é precisamente neste punto, onde as políticas lingüísticas fan augas, abríndose dende hai tempo unha fronte de batalla: a negativa da directiva da Warner en Madrid de dobrar a última entrega do ‘Harry Potter’ ó galego. Un rexeitamento—indican dende a directiva da Mesa Pola Normalización Lingüística—que non corresponde a criterios empresariais senón a “prexuízos”. A campaña segue en pé no medio dunha indubidable e treboenta mercadotecnia.